



Concello de Cospeito


BASES DO XOGO “AS FILLOÍÑAS DA IGUALDADE” DO CONCELLO DE COSPEITO

1. PARTICIPANTES:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen. Para o caso de participantes menores de idade, para recibir o premio, o gañador/a estará acompañado/a polo seu pai, nai ou titor.

2. ANTECEDENTES E DESCRIPCIÓN DO XOGO

ESTO É UNHA FILLOÍÑA POLA IGUALDADE:



2.1- Antecedentes:

Cabe destacar que na elección deste elemento, a filloa, tiveron que ver distintas cuestións: a filloa é un prezado manxar no noso concello, tanto é así que na parroquia de Muimenta celébrase dende o ano 1992 unha festa gastronómica na súa honra tódolos 1 de Maio, festa que foi declarada de Interese Turístico no 2008. A Filloa é un manxar elaborado tradicionalmente polas nosas nais, e avoas, tal e como destaca a Oda á Filloa “Vés das mans das avoas das nosas avoas, moi ilustre señora, filloa, vella amiga,” (Marica Campo, 2014).

O día 8 de marzo é unha data ineludible na axenda das institucións e das mulleres dende que Nacións Unidas celebrou a súa primeira conmemoración en 1975, coincidindo co Ano Internacional da Muller e, sobretudo, a partir de 1977, coa aprobación da resolución que



Concello de Cospeito

proclama o 8 de Marzo como Día Internacional das Mulleres.

Dende o Concello de Cospeito, queremos expresar o noso recoñecemento e admiración, a todas aquelas mulleres, que día a día, coa súa participación e traballo na sociedade, demostran que teñen forza, e decisión para loitar por unha igualdade real.

As “**Filloíñas da Igualdade**” nace como un xogo interactivo e didáctico que se propón para a participación e diversión individual e en familia, que promove o coñecemento de espazos e recursos do noso concello, ao tempo que sensibiliza e promove a igualdade de xénero e a erradicación de todo tipo de violencias.

2.2. Descrición:

Hai un total de **10 Filloíñas** agochadas polas paredes, rúas e espazos públicos do noso Concello. Cada unha delas está enumerada do 1 ao 10.

Segue as pistas facilitadas na nosa páxina de Facebook e atoparalas!!!

Cada filloíña leva incorporado **un código QR** no que poderás atopar información e contidos relacionados co ámbito da igualdade de xénero, recursos e información sobre violencia de xénero e de mulleres relevantes da historia e do noso concello.

Participa na búsqueda das filloíñas e, para visibilizar a campaña e o xogo, cando as atopas documenta os achádegos facendo unha foto da mesma, súbea ás redes sociais, etiquetando a nosa conta de facebook **@Concello de Cospeito** así como o nome do xogo **@FilloíñasDaIgualdade** para visibilizar o xogo e a campaña.

Importante!!!!:

- ***Non desveles publicamente a ubicación para dar emoción e non estragar o xogo e para que o resto de participantes continúen buscando.***
- ***Se atopas as filloíñas non as retires da súa ubicación para poder continuar co xogo.***

3. FORMA DE PRESENTACIÓN

Os achádegos xunto cos vosos datos comunicaranse por correo electrónico a servisociais@concellodecospeito.es

Inclúese un **Anexo** que podes empregar para facilitar a comunicación e recoller os datos.

(ver **ANEXO DE PARTICIPACIÓN NO XOGO E COMUNICACIÓN DE DATOS.**)



Concello de Cospeito

4. XURADO

O xurado estará composto polos seguintes integrantes:

- A Traballadora Social do Concello de Cospeito.
- O Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.
- O Concelleiro de Servizos Sociais.
- A Concelleira de Igualdade.

A participación nesta convocatoria implicará a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o xogo ou algún premio de non reunir os requisitos establecidos nestas bases ou cando non existan participantes.

5. SOBRE OS PREMIOS:

Haberá 6 premios principais e ata 50 agasallos que serán os seguintes:

1.- Repartiranse os **3 primeiros premios** para aqueles participantes que atopen as 10 Filloíñas, que o acrediten mediante o envío dunha foto das mesmas “in situ”+ ubicación + unha frase sobre cada un dos contidos dos códigos QR incluídos en cada unha delas.

2.- Os **3 seguintes premios (4º, 5º e 6º)** asignaranse tendo en conta a orde cronolóxica de chegada dos correos electrónicos e asímesmo de maior a menor número de filloíñas atopadas por participante.

3.- Para o resto de participantes, animámosvos a seguir buscando a igualdade de xénero no noso concello porque hai ata **50 agasallos** ben chulos que se repartirán entre todos os participantes que acrediten atopar filloíñas do seguinte xeito: Os **seguintes 50 gañadores** estableceranse tendo en conta a orde cronolóxica de chegada dos correos electrónicos e asímesmo de maior a menor número de filloas atopadas **terán un agasallo.**

En tódolos casos a orde de premios irá dada pola orde de recepción dos correos electrónicos e tendo en conta os criterios establecidos anteriormente para cada premio ou agasallos..

Cada participante só poderá optar a un premio.

PREMIOS:

- **PRIMEIRO PREMIO:** para a **1ª** **persoa** que consiga atopar as **10 Filloíñas**, que o acredite mediante o envío **por correo electrónico** á dirección facilitada no artigo 3 destas bases dunha **foto** de cada unha delas “in situ”+ **ubicación** + **unha frase** sobre cada un dos



Concello de Cospeito

contidos dos códigos QR incluídos en cada unha delas: **1 TABLET (valorada en aprox. 200€).**

- **SEGUNDO PREMIO: para a 2ª persoa** que consiga atopar as **10 Filloíñas**, que o acredite mediante o envío por **correo electrónico** á dirección facilitada no artigo 3 destas bases dunha **foto** de cada unha delas “in situ” + **ubicación** + **unha frase** sobre cada un dos contidos dos códigos QR incluídos en cada unha delas: **1 PATINETE (valorado en aprox. 115€).**

- **TERCEIRO PREMIO: para a 3ª a persoa** que consiga atopar as **10 Filloíñas**, que o acredite mediante o envío **por correo electrónico** á dirección facilitada no artigo 3 destas bases dunha **foto** de cada unha delas “in situ”+ **ubicación** + **unha frase** sobre cada un dos contidos dos códigos QR incluídos en cada unha delas: **1 LOTE DE LIBROS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO (valorado en aprox. 75€).**

-**CUARTO, QUINTO E SEXTOS PREMIOS:** asignaranse á **4º, 5ª e 6ª participantes**, tendo en conta a **orde cronolóxica de chegada dos correos electrónicos e asímesmo de maior a menor número de filloíñas atopadas**, que o acrediten mediante o envío por **correo electrónico** á dirección facilitada no artigo 3 destas bases dunha **foto** de cada unha delas in situ” + **ubicación** + **unha frase** sobre cada un dos contidos dos códigos QR incluídos en cada unha delas: **1 ILUSTRACIÓN PERSONALIZADA REALIZADA POLA ARTISTA LOCAL SALOBRAL BOÓ ARJONA (valorados cada un deles en 30€).**

6. PRAZOS:

Estabécese para a participación no xogo o prazo de 7 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web do Concello de Cospeito así como na páxina oficial de Facebook do Concello de Cospeito na que tamén se colgarán as pistas para poder atopar as filloíñas.

7. ENTREGA DE PREMIOS:

Convocarase aos premiados ao acto de entrega de premios.

PARTICIPADE!!!

A organización resolverá cantas cuestións puidesen plantexarse e que non foran previstas nas presentes bases.

Cospeito, 22 de febreiro de 2022

O Sr Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito

Don Armando Castosa Alvariño



Concello de Cospeito

ANEXO DE PARTICIPACIÓN NO XOGO E COMUNICACIÓN DE DATOS

Datos participante:

NOME E APELIDOS:

DNI:

TELÉFONO:

DOMICILIO:

En caso de menores de idade datos do/a Responsable Legal:

NOME E APELIDOS:

DNI:

TELÉFONO:

DOMICILIO:

PARTICIPO NO XOGO AS FILLOIÑAS DA IGUALDADE DO CONCELLO DE COSPEITO E DECLARO QUE ATOPEI AS SEGUINTE FILLOIÑAS NAS UBICACIÓNS QUE RECOLLO A CARÓN DE CADA UNHA DELAS: (adxunto fotografías por correo electrónico xunto co presente anexo)

- **FILLOIÑA nº1:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº2:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº3:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº4:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº5:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº6:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº7:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº8:**
Frase resumo código QR:



Concello de Cospeito

- **FILLOIÑA nº9:**
Frase resumo código QR:
- **FILLOIÑA nº10:**
Frase resumo código QR:

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- **Fun informado/a de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Cospeito
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección Protección de datos